

## DÍA DOS MUSEOS EN GALICIA 2013

Cando se dedica un día do ano a un tema é, claramente, un mal síntoma e un indubidable sinal de que é preciso chamar a atención sobre el polos problemas e dificultades que o arrodean e iso é o que pasa co mundo dos museos cando cada ano conmemoramos o 18 de maio.

Desde 1977 o ICOM (Consello Internacional dos Museos), vinculado á UNESCO, vén mantendo o empeño encomiable e moi positivo de escoller un tema para lembrar na dita efeméride, pero tamén é certo que nos últimos anos os lemas escollidos semellan incorrer en lugares comúns e frases manidas de carácter xeral que, abofé, cremos que pouco aportan para chamar a atención da sociedade sobre as institucións museísticas. Ninguén discute que son temas e preocupacións reais pero non poucas veces os lemas e os escritos con eles relacionados adoecen de certa “utopía” no sentido menos positivo do termo, é dicir, achéganse pouco precisamente á realidade social sobre a que se quere chamar a atención.

Os museos, aquí e agora en Galicia pero tamén en todo o mundo, tópanse hoxe con realidades moi crúas, amargas e negativas, sobre todo, pero non soamente, pola falta de recursos económicos pois é ben sabido que os recortes orzamentarios empezan sempre pola cultura e, ata diríamos, que precisamente polo patrimonio histórico no seu máis amplo sentido. A isto coaduxa, e ao mesmo tempo é causa, o feito de que a sociedade actual non valora nin moito menos prima a importancia da cultura, da educación e, por tanto, do citado patrimonio cultural, no seu cerne máis real (non virtual) e identitario (e, ao propio tempo, universal).

Por iso, nun novo 18 de maio dedicado aos museos, cómpre chamar a unha reflexión conxunta e reclamar a atención para que ese “progreso social” de que fala o lema proposto polo ICOM vaia máis aló de gardar a memoria - que é imprescindible por ser unha das primeiras funcións dun museo - e de sumarlle a creatividade - que é moi recomendable para manter os centros con vida -, e permitir así un achegamento, verdadeiro e continuado, entre os museos e as comunidades respectivas.

Os museos, ademais, teñen que desempeñar nestes tempos un papel crítico dentro da mesma sociedade, pois de non facelo así non poderán ser considerados centros, públicos ou privados, ao servizo da cultura e da educación a maiores de ser institucións custodias da memoria histórica e patrimonial e potenciadoras da creatividade humana.